

ADIÁNTASE HORARIO ÁS 19:00

Justo Beramendi disertará sobre 'O banquete de Conxo' nos Luns do Ateneo de Santiago

O catedrático de Historia Contemporánea mantén a súa liña de investigación principal na historia do galeguismo político dende as súas orixes provincialistas ata o nacionalismo actual

 Comentar (0)  Imprimir  Enviar por correo



25.02.2016

 

O vindeiro luns 29 de febreiro a conferencia de Os Luns do Ateneo comezará ás 19 horas, unha hora antes do que é habitual. Nesta ocasión o Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago Justo Beramendi disertará sobre o Banquete de Conxo, cando se cumpren 160 anos da súa celebración, nunha conferencia que levará por título '**O Banquete de Conxo: Entre o mito e a realidade**'. A entrada será gratuíta (Rúa do Vilar, 19 de Santiago de Compostela) e libre ata completar o aforo.

Justo Beramendi González é Catedrático de Historia Contemporánea e ex-vice-reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Cofundador do Museo do Pobo Galego e actual presidente do seu Padroado. Cofundador das revistas *Negaciones* (Madrid, 1977), *A Trabe de Ouro* (Santiago, 1990) e *Tempos Novos* (Santiago, 1996), nesta última ven publicando numerosos artigos de análise da actualidade política. Especialista en historia das ideoloxías e dos movementos políticos, é autor de estudos sobre a evolución do pensamento marxista, sobre historiografía e metodoloxía da historia política e dos nacionalismos e sobre a cuestión nacional en España.

A súa liña de investigación principal é a historia do galeguismo político dende as súas orixes provincialistas ata o nacionalismo actual, con estudos sobre Manuel Murguía, Alfredo Brañas, Vicente Risco, Antonio Losada, Ramón Villar Ponte, Castelao, Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e outros, liña que culmina na súa historia xeral De provincia a nación. Historia do galeguismo político (Vigo, 2007) pola que obtivo en 2008 os premios Nacional de Ensayo, Pedrón de Ouro, de Ensaio da AELG, Antonio Losada Diéguez de Investigación e Crítica de Galicia de Investigación. Tamén foi guionista da serie de TVE Galicia na transición e organizou e coeditou as actas de varios congresos.